

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO I CERTAME “FONDO DE APOIO A PROXECTOS CULTURAIS SINGULARES PARA A MELLORA SOCIAL 2025”

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Despois de ver os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases do I Certame “Fondo de apoio a proxectos culturais singulares para a mellora social 2025”, que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Segundo.- Dispoñer a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. Aprobar a convocatoria do I Certame “Fondo de apoio a proxectos culturais singulares para a mellora social 2025”, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.


O prazo de solicitude iniciárase o día 21 de febreiro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de marzo de 2025.

Cuarto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de 303.000 €, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premios	0612/3341/479	300.000 €	220250000472.1
Honorarios xurado	0612/3341/22609	3.000 €	220250000472.2

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.




**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

ANEXO - BASES REGULADORAS

I Certame “Fondo de apoio a proxectos Culturais Singulares para a Mellora Social 2025”

Introdución: a cultura como dereito. Cultura e a lingua para a mellora social.

A sociedade galega leva máis de corenta anos de autonomía cun modelo cultural que, polos cambios sociais vividos, precisa de actualización.

Nestes corenta anos a transformación do mundo foi radical, especialmente desde o tecnolóxico: a sociedade da información e do coñecemento, o mundo dixital, a robótica e a intelixencia artificial. No identitario, como galegos e galegas, a evolución do noso principal signo de identidade como pobo, a lingua, non pode ser máis preocupante: o galego perde uso e falantes e xa non é a lingua maioritaria do noso país. É unha realidade reversible, mais que necesita ser enfrontada de inmediato cunha estratexia de país. E todo isto coincide coa emerxencia do debate internacional sobre os dereitos culturais como novo paradigma desde o que pensar a cultura e as propias políticas culturais.


A cultura é o espazo dos valores, das ideas, o fío que cose comunidade, identidade e sentido de pertenza. A cultura é relación, coñecemento, construción de civismo e de xeitos de estar na vida e no mundo. Unha ferramenta de formación e transformación para a vida mellor.

A proposta das políticas culturais máis avanzadas hoxe está volvendo poñer o foco en recuperar o sentido de identidade, de comunidade e de pertenza. En religar o vínculo social desde unha mirada democrática, inclusiva, diversa, acolledora e integradora.

A cultura é espazo facilitador do desenvolvemento persoal e da autoestima polo eu e polo nós colectivo. A lingua, as tradicións, as formas de facer, os hábitos; a detección das violencias, das rupturas, das crebas, a identificación das imposicións; a necesidade de repensar e de non reproducir acriticamente, de dialogar -deste a vontade de futuro mellor- co noso pasado persoal e colectivo.

A cultura, as políticas culturais, deben servir para que as persoas e os pobos poidan desenvolver todo o seu potencial creativo e intelectual, e para gañaren no camiño auto(re)coñecemento e autoestima, especialmente naqueles casos en que as dominacións -de clase, de raza, de lingua, de xénero... - deixaron marcas e consecuencias. Temos algo que aportar cando somos nós, non copias ou mímese doutros. A singularidade, o que nos diferencia, é un valor no mundo global.

As posibilidades de desenvolvemento persoal das propias capacidades, da propia creatividade e intereses, e do desenvolvemento colectivo dun territorio, teñen a ver en grande medida coa formación, o coñecemento e a autoestima. A aposta pola educación, o coñecemento, as prácticas formativas, as relacións entre o profesional e o amator, o apoio



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

a quen empeza, a habilitación de dinámicas e espazos amables e propicios para o propio desenvolvemento, son necesidades dunha política cultural que parta da proximidade e do local para ampliar a mirada e alimentarse en diálogo co alleo.

Por iso as políticas culturais neste momento están a centrarse nun novo paradigma: o dereito á cultura e a concepción desta como unha práctica social colectiva.

Do artístico, do sector cultural, ao campo amplo do social. Iniciativas, programas, proxectos, liñas de traballo, estratexias desde o creativo relacionadas co veciñal, co educativo, co feminismo, co ecoloxismo e a defensa da terra, co patrimonio e o desenvolvemento socio-comunitario, co combate de calquera tipo de discriminación, con todas as causas xustas. En experimentación directa, desde crianzas, cos colexios, coas entidades, coas asociacións. E para todas as idades, propiciando diálogo entre xeracións e entre temáticas.

É preciso rachar a percepción asentada da cultura como un espazo pechado para persoas xa iniciadas, alleo á vida cotiá, un territorio con carné de entrada para especialistas. E vindicar a cultura como práctica social da que todas e todos facemos parte. Para iso cómpre dar un paso adiante e desenvolver políticas culturais que poñan no centro a vida e as persoas.


Ao tempo, esta reflexión vai acompañada de consideracións necesarias sobre a natureza dos proxectos culturais. O valor engadido moitas veces achégao o como, non tanto o que. Un como compartido, participado, construído desde procesos de diálogo directo, con escoita activa e que alimente e faga medrar unha nova cultura democrática.

Na realidade galega, afortunadamente, son moitos os exemplos e os axentes culturais do campo público, asociativo e privado que están a traballar nestas claves.

Para as administracións públicas do noso país, pola especificidade de contarmos cunha lingua propia cunha problemática específica, a produción cultural privada en galego ten un valor duplo. Dun lado garante que como sociedade teñamos capacidade produtiva propia e viva no ámbito cultural. É dicir, contribúe a facer da galega unha sociedade capaz de xerar contidos e discurso cultural propio, de seu, facendo visible a nosa identidade a través dunha produción cultural autónoma, e no noso idioma. Doutro, esa singularidade resulta, a un tempo, un valor engadido –en tanto singulariza a oferta- e un condicionante –porque carece de estruturas de apoio e conleva condicionantes obxectivos no mercado cultural-.

A existencia dun tecido cultural privado, que ofrezca contidos de calidade e de interese en lingua galega, e capaz de gañar músculo, solvencia, autonomía e capacidade de ser rendíbel, resulta fundamental para o desenvolvemento cultural normalizado do noso país e esixe da posta en marcha de políticas de apoio desde o ámbito público.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que: 1. A lingua propia de Galicia é o galego. 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.


Pola súa banda, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega.

Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de Usos da Lingua Galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto. A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña, consciente desta realidade, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe non o é: vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica. Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoiem claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por deixación de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia cultural e no marco do diálogo e a coordinación con outras administracións



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

públicas, quere poñer en marcha un certame de proxectos culturais destinado ao apoio ao desenvolvemento de proxectos singulares en lingua galega de especial interese cultural e orientados á mellora social.

BASES

Primeira.- Obxecto.

O obxecto deste certame é apoiar especificamente os proxectos singulares de especial interese cultural, destinados á mellora social en diferentes ámbitos.

Para os efectos deste certame, enténdese por proxectos singulares aquelas iniciativas culturais que desenvolvan propostas en lingua galega de interese para campos de acción social como os seguintes: igualdade, dereitos civís, respecto á diversidade, respecto medioambiental, medre da estima colectiva e cohesión social, integración social, sensibilización patrimonial e identidade local, memoria democrática, etc

Desta maneira, os proxectos e iniciativas susceptibles de apoio neste certame poden abordar, sempre desde o ámbito da cultura, temáticas como a cohesión e integración social, a defensa das diversidades e a convivencia intercultural, a sensibilización medioambiental, o traballo en favor da igualdade, a integración de persoas con diversidade funcional, a educación en valores, o desenvolvemento territorial, a recuperación demográfica, a revitalización das identidades comunitarias a través do seu patrimonio material e inmaterial común...

Trátase de proxectos culturais que, desde a súa natureza cultural e artística, achegan valor para o progreso social nalgún deses campos devanditos, valorándose a temática que aborden, a capacidade de vinculación e participación directa dos colectivos relacionados con ela e o impacto e definición dos públicos ou colectivos destinatarios.

1.1. Requisitos dos proxectos


Poderán presentarse proxectos que se vaian desenvolver do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

Só poderán presentarse ao certame proxectos orixinais e de autoría propia.

Os proxectos desenvolveranse de forma maioritaria no territorio da provincia da Coruña (nunca nunha porcentaxe menor ao 70%) e terán como destinataria/beneficiaria a poboación da provincia e valorarase a súa repercusión provincial.

Os proxectos poderán desenvolverse en todo tipo de soportes e formatos, sempre que resulten axeitados para os obxectivos marcados.

Todos os proxectos deberán empregar a lingua galega como lingua vehicular, sen que iso impida que os contidos tamén poidan estar noutras linguas.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

Do mesmo xeito, os proxectos usarán unha linguaxe inclusiva e con perspectiva de xénero nos seus textos e comunicacións.

Os orzamentos dos proxectos deberán adecuarse aos custos reais do proxecto a desenvolver.

1.2 Exclusionés

Non se admitirán proxectos cunha antigüidade superior a un ano ou que supoñan unha continuidade ou fases sucesivas de proxectos xa premiados noutros certames ou convocatorias da Deputación da Coruña en anos anteriores ou no presente.

Segunda.- Persoas ou entidades destinatarias.

Poderán presentar os seus proxectos as persoas físicas inscritas no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os, as sociedades cooperativas con ánimo de lucro, e/ou empresas que teñan domicilio fiscal nalgún dos concellos do territorio galego.

As persoas xurídicas deberán estar legalmente constituídas no momento de presentar a candidatura.

A persoa física ou xurídica, debe manter unha actividade económica continuada e permanecer de alta no IAE dende o inicio do proxecto ata a súa xustificación.

Dado que a tramitación será telemática as persoas solicitantes deberán dispor de:

- certificado dixital.
- un único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán a s comunicacións.

Cada persoa ou entidade destinataria só poderá presentar unha solicitude. Esta limitación aplícase ás persoas físicas que formen parte de empresas ou entidades, de xeito que non poderán presentar máis dun proxecto.


A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Terceira.- Dotación.

O certame “Fondo de Apoio a Proxectos Culturais Singulares para a Mellora Social” ten unha dotación de 300.000 €.

Convócanse 20 premios, polos seguintes importes máximos, que se reducirán de ser o caso se o importe do orzamento do proxecto seleccionado é menor:

- Para os cinco proxectos con maior puntuación, 5 premios por un importe máximo de 22.500 €



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

- Para os cinco proxectos seguintes en puntuación, 5 premios por un importe máximo de 17.500 € .
- Para os cinco proxectos seguintes, 5 premios por un importe máximo de 12.500 €.
- Para os cinco seguintes, 5 premios por un importe máximo de 7.500 €.

Os premios poderán quedar desertos e o seu importe está suxeito ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa beneficiaria falecese despois da decisión do xurado (no caso de persoas físicas).

A Deputación poderá publicar os proxectos premiados.

Cuarta.- Prazo, forma e documentación da presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de participación comezará o día 21 de febreiro de 2025 e rematará o 21 de marzo de 2025, logo da publicación do extracto da convocatoria deste certame no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta o proxecto.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.


A **documentación** que se ha presentar é a seguinte:

No caso de persoas físicas inscritas no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os:

- Acreditación da inscrición no Réxime Especial de traballadores/as autónomos ou alta na mutualidade na data da solicitude.

No caso de persoas xurídicas:

- Escritura da entidade adaptada á lexislación vixente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272


- Declaración responsable de que os seus socios, membros ou traballadores non concorren á mesma convocatoria.
- Declaración de que a empresa solicitante non ten concedidas ou solicitadas nos tres últimos exercicios fiscais, axudas por importe superior a 300.000, de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 2023/2831, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis .

Para todas as candidaturas:

- Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña ou poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da entidade/ persoa
- Certificación de situación no censo de actividades económicas da AEAT, na data da solicitude.
- Memoria explicativa que inclúa:
 - Nome da persoa ou entidade que formula a solicitude.
 - Nome da persoa representante.
 - Título e resumo explicativo da proposta presentada: nome/título, obxectivos, contidos e actividades principais, desenvolvemento previsto, destinatarios, estratexia de comunicación, calendarización prevista. (máximo 10 liñas por apartado)
 - Descrición detallada do proxecto en relación aos catro aspectos que serán obxecto de avaliación.
 - Plan de sustentabilidade do proxecto. Documento específico coas cláusulas sociais, de xénero e de sustentabilidade ambiental e lingüístico-cultural que integra o proxecto
 - Listaxe de patrocinios confirmados, a través de carta ou documento que o acredite, e no que figure o valor económico ou natureza do patrocinio.
 - Orzamento total do proxecto, detallado por partidas, con e sen IVE.
 - Declaración das fontes de financiamento do proxecto (achega de recursos propios, subvencións, patrocinios, outros recursos externos, etc).
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Quinta.- Xurado

O xurado estará presidido pola deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del tres persoas expertas propostas por ela.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.


Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

Sexta.- Valoración e concesión

O xurado deberá desenvolver as seguintes funcións:

- a. informará sobre a adecuación de cada proxecto presentado ás bases da convocatoria. Poderá excluír, por maioría simple e con motivación argumentada, aquelas candidaturas que non se axusten ás presentes bases ou que incorporen un orzamento que non se adecúe ao proxecto presentado.
- b. logo deste primeiro exame, e con base na análise da cada unha das memorias, o xurado valorará cada un dos proxectos tendo en conta os seguintes criterios:
 - **Equipa do proxecto.** Valoraranse aspectos relacionados coa propia equipa produtora do proxecto e o seu desenvolvemento no ámbito socio-económico e socio-laboral (exemplo: que haxa paridade de xénero, que exista unha aposta pola inclusión socio-laboral de persoas en risco de exclusión, creación de emprego do proxecto, etc). **Ata 20 puntos.**
 - **Singularidade e achega de valor do proxecto dentro do sistema cultural galego:** interese especial das temáticas, formatos, diferenciación e especificidade, capacidade de innovación.... **Ata 20 puntos**
 - **Interese, rigor, solvencia e calidade da proposta.** Valorarase a adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, a metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto e a adecuación do orzamento presentado. **Ata 30 puntos.**

- **Beneficio e impacto social. Ata 30 puntos.** Valorarase o impacto real dos proxectos culturais no ámbito social sobre o que pretenden actuar. Teranse en conta aspectos como a súa capacidade relacional, que o proxecto conte con cartas de apoio previo de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que traballen directamente no eido ao que vai dirixida a iniciativa, que a elaboración e/ou desenvolvemento do proxecto inclúa accións en colaboración directa con centros educativos públicos da provincia, etc.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

O xurado poderá declarar deserto o premio.

Sétima.- Pago


O pago dos premios realizarase conforme a seguinte distribución:

- **30% do premio polo proxecto**, unha vez concedido o premio, no prazo de dous meses a partir da data de resolución deste certame.
- **70% polo desenvolvemento do proxecto**, despois de que o xurado verifique que o proxecto se desenvolveu tal e como fora presentado e premiado nesta convocatoria.

O xurado deberá verificar que o proxecto desenvolveuse tal e como fora presentado e premiado neste certame, e se non se axusta ao inicialmente presentado non se aboará o 70% do importe do premio polo desenvolvemento do proxecto.

As persoas ou entidades premiadas deberán presentar antes do 31 de marzo de 2026 a seguinte **documentación:**

- Informe sobre o desenvolvemento do proxecto, acompañado de toda a documentación gráfica, mediática, etc que respalde o contido deste.
- Declaración de ratificación do desenvolvemento do proxecto.
- Declaración de que mantivo a actividade económica continuada, permaneceu de alta no IAE e no caso de persoas físicas de que se mantivo de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as dende a presentación da súa candidatura ata o momento da presentación da xustificación.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

- No caso de proxectos en formato físico, entrega de cinco exemplares de cada un dos produtos elaborados dentro do proxecto.
- No caso de proxectos de formato virtual, escénico ou presencial, dossier cos materiais audiovisuais, as ligazóns a contidos dixitais e outro tipo de contidos que demostren o desenvolvemento do proxecto

Documentación adicional no caso de que a persoa ou entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de designar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava.- Obrigas

Son obrigas das persoas ou entidades gañadoras, as seguintes:


- Utilizar o premio para o desenvolvemento do proxecto.
- Incluír o logotipo da Deputación da Coruña e o de “A cultura é un dereito!” en toda a información impresa, informática ou audiovisual relativa á iniciativa premiada.
- Incluír ou etiquetar nas publicacións relativas á iniciativa premiada aos perfís da Área de Cultura da Deputación: @DACCultura en X e daccultura no FACEBOOK.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios e na realización de actividades complementarias, que poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.


As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Para calquera outra dúbida relativa á protección de datos poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

Décima.- Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do I Certame “Fondo de apoio a proxectos culturais singulares para a mellora social 2025”. O texto completo do certame pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro. Beneficiarios

Poderán presentar os seus proxectos as persoas físicas inscritas no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os, as sociedades cooperativas con ánimo de lucro, e/ou empresas que teñan domicilio fiscal nalgún dos concellos do territorio galego.

Segundo. Obxecto

Convocar para o exercicio 2025 o I Certame “Fondo de apoio a proxectos Culturais Singulares para a Mellora Social 2025”, co fin de apoiar especificamente os proxectos singulares de especial interese cultural, destinados á mellora social en diferentes ámbitos.

Para os efectos deste programa, enténdese por proxectos singulares aquelas iniciativas culturais que desenvolvan propostas en lingua galega de interese para campos de acción social como os seguintes: igualdade, dereitos civís, respecto á diversidade, respecto medioambiental, medre da estima colectiva e cohesión social, integración social, sensibilización patrimonial e identidade local, memoria democrática, etc

Terceiro. Bases reguladoras


A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 300.000,00 €, con cargo á partida 0612/3341/479 do Orzamento ordinario para 2025.

Convócanse 20 premios, polos seguintes importes máximos, que se reducirán de ser o caso se o importe do orzamento do proxecto seleccionado é menor:

- Para os cinco proxectos con maior puntuación, 5 premios por un importe máximo de 22.500 €
- Para os cinco proxectos seguintes en puntuación, 5 premios por un importe máximo de 17.500 €.
- Para os cinco proxectos seguintes, 5 premios por un importe máximo de 12.500 €.
- Para os cinco seguintes, 5 premios por un importe máximo de 7.500 €.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase o día 21 de febreiro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de marzo de 2025.

Sexto. Outros datos

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

CASTELLANO

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del I Certame “Fondo de apoyo a proyectos culturales singulares para la mejora social 2025”. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Beneficiarios

Podrán presentar sus proyectos las personas físicas inscritas en el régimen especial de trabajadoras/es autónomas/os, las sociedades cooperativas con ánimo de lucro, y/o empresas que tengan domicilio fiscal en alguno de los ayuntamientos del territorio gallego.

Segundo. Objeto

Convocar para el ejercicio 2025 el I Certamen “Fondo de apoyo a proyectos Culturales Singulares para la Mejora Social 2025”, con el fin de apoyar específicamente los proyectos singulares de especial interés cultural, destinados a la mejora social en diferentes ámbitos.


A efectos de este programa, se entiende por proyectos singulares aquellas iniciativas culturales que desarrollen propuestas en lengua gallega de interés para campos de acción social como los siguientes: igualdad, derechos civiles, respeto a la diversidad, respeto medioambiental, aumento de la estima colectiva y cohesión social, integración social, sensibilización patrimonial e identidad local, memoria democrática, etc

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 300.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3341/479 del Presupuesto ordinario para 2025.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000049272

Se convocan 20 premios, por los siguientes importes máximos, que se reducirán de ser el caso si el importe del presupuesto del proyecto seleccionado es menor:

- Para los cinco proyectos con mayor puntuación, 5 premios por un importe máximo de 22.500 €
- Para los cinco proyectos siguientes en puntuación, 5 premios por un importe máximo de 17.500 €.
- Para los cinco proyectos siguientes, 5 premios por un importe máximo de 12.500 €.
- Para los cinco siguientes, 5 premios por un importe máximo de 7.500 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día 21 de febrero de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del 21 de marzo de 2025.

Sexto. Otros datos

La convocatoria se tramitará de manera telemática, a través de la plataforma de tramitación electrónica de la Diputación (SUBTEL).